



Orde do 26 de xullo de 2019 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

Mediante a Orde do 10 de xuño de 2019 (anunciada pola Resolución do 10 de xuño de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no *Diario Oficial de Galicia* núm. 114, do 18 de xuño) convocouse o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei Orgánica de Educación, 2/2006, do 3 de maio, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Logo de realizada a valoración inicial pola comisión de selección, publicouse no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o baremo provisional dos méritos xunto coa proposta de adxudicación provisional de postos. Revisadas as reclamacións presentadas, con base no disposto polo artigo 7 da citada convocatoria,

DISPOÑO:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva das postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 8 da citada orde, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2019, en réxime de comisión de servizos por un período de un ano e ata un máximo de seis, e con reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro. Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no



prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional



Carmen Pomar Tojo



ANEXO

Denominación do posto	Apellidos e nome	DNI oculto
1. E.E. Antonio Escaño (591202)	Niebla Saavedra, Juan	****1937*
2. E.N. da Graña (590106)	Sánchez Iglesias, Beatriz	****8676*
4.1 Complexo Hospitalario A Coruña	Lizancos Mora, Laura	****8933*
4.2 Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	Iglesias García, María Jesús	****2046*
5.1 C.P. M. José Rábade Arias	Losada Vázquez, Eugenio	****2519*
6.1 Secretaría Xeral para o Deporte (Santiago)	Ferrer Alonso, Santiago	****5418*
6.2 Secretaría Xeral para o Deporte (Lugo)	Lorenzo López, Carlos	****6842*
7.1 Delegación Territorial da ONCE: A Coruña	Blanco Álvarez, María Dolores	****0411*
7.1 Delegación Territorial da ONCE: A Coruña	Vidal Vidal, Paula	****5166*
7.2 Centro base da ONCE: Ourense	Silva Baldonado, María Lidia	****0479*
7.3. Centro recursos educativos "Santiago Apóstol": Pontevedra	Domínguez Besada, Ana Belén	****8590*
8. Centros Aspanaes	Touriño Pintos, Ana Belén	****4741*
9. AFEXDI Santiago de Compostela	Girón García, María José	****9140*
12. Asesor Abalar Desenvolvemento	Fernández Albor, Victor Manuel	****9516*
13. Coordinadora da área de equipos de dinamización da lingua galega nos centros de ensino non universitario da provincia de Pontevedra	Valiño Ferrín, Isabel	****0192*